

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE TRAS A TOMA DE POSESIÓN DE JOSÉ BLAS GARCÍA PIÑEIRO COMO ALCALDE DO CONCELLO DE AMES.**GESTDOC: 4703/2021.**

O día 26.05.2019 tiveron lugar as derradeiras eleccións municipais. Como resultado das mesmas en sesión plenaria de 15.06.2019 resultou elixido alcalde José Manuel Miñones Conde.

O pasado 29.03.2021 o alcalde presenta a súa renuncia aos cargos de concelleiro e alcalde, e nese mesmo día, en sesión extraordinaria e urxente o pleno toma coñecemento da súa renuncia declarando a vacante producida.

Comunicada a vacante producida á Xunta Electoral Central, o día 07.04.2021 recíbese a credencial correspondente ao novo concelleiro que resultou ser Santiago Márquez Noya, incluído na candidatura do PSG-PSOE, tomando posesión do seu cargo como concelleiro en sesión plenaria extraordinaria e urxente que tivo lugar as 20.00 horas do día 08.04.2021.

As 20:30 horas do mesmo día 08.04.2021 noutra sesión extraordinaria tivo lugar o pleno para a elección de novo alcalde, resultando elixido José Blas García Piñeiro, (PSG-PSOE), quen despois das formalidades legais tomou posesión do seu cargo como alcalde.

De conformidade co previsto no artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL), os/as tenentes de alcalde son de existencia preceptiva en todos os concellos. Conforme o artigo 23 da mesma Lei, os/as tenentes de alcalde substitúen polo orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ao alcalde, sendo libremente designados e removidos por este entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros/as.

Á vista da normativa indicada (artigo 20 da LRBRL e artigos 46 e concordantes do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), así como artigo 13 do Regulamento Orgánico Municipal, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, **Resolve:**

Primeiro.- Nomear tenentes de alcalde e pola orde que se indica ás/aos concelleiras/os seguintes:

Primeiro tenente de alcalde	David Santomil Mosquera
Segundo tenente de alcalde	Luisa Feijóo Montero
Terceira tenente de alcalde	Genma Otero Uhía
Cuarta tenente de alcalde	Victor M. Fernández Prieto

Quinta tenente de alcalde	Ana Belén Paz García
Sexta tenente de alcalde	Natividad de Jesús González Rodríguez

Segundo.- Notifíquese esta resolución ás/aos concelleiras/os interesadas/os a fin de que amosen a súa aceptación expresa que figurará en documento anexo.

Terceiro.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Cuarto.- Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado mediante Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Ames, abril de 2021.

O alcalde

A secretaria

Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3776C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaria

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152220IDOC29A3C82E08EDE62481

